

MINISTERIO DE ECONOMÍA

17690 *ORDE ECO/2579/2003, do 15 de setembro, pola que se establecen normas sobre o uso da sinatura electrónica nas relacións por medios electrónicos, informáticos e telemáticos co Ministerio de Economía e os seus organismos adscritos. («BOE» 225, do 19-9-2003.)*

O Ministerio de Economía, desde hai xa algúns anos, e co obxectivo último de facilitar ós cidadáns as súas relacións coa Administración, tentou instrumenta-las vías precisas, desenvolvendo as aplicacións e os sistemas de información necesarios para que poidan relacionarse co ministerio e os seus organismos adscritos de forma segura utilizando técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas. Isto implica a presentación e tramitación de procedementos telematicamente e mediante soporte informático, prescindindo do papel.

A isto deu resposta a Orde do 26 de decembro de 2001 pola que se establecen os criterios xerais de tramitación telemática de determinados procedementos polo Ministerio de Economía e os organismos públicos adscritos e se crea un rexistro telemático para a presentación de escritos e solicitudes.

Nesta dirección fóronse dictando nos últimos anos diversas normas que posibilitaron a presentación e tramitación dos escritos, solicitudes e comunicacións que se presenten ante o Ministerio de Economía a través da internet, establecendo os requisitos xurídicos e técnicos precisos para isto. Entre estes últimos, cómpre destaca-la esixencia de estar en posesión dun certificado electrónico de usuario expedido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda (FNMT-RCM). A atribución a este organismo público da facultade de prestar servicios de seguraza para as comunicacións a través de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos das persoas físicas e xurídicas coas administracións públicas fora establecida no artigo 81 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, desenvolvido actualmente polo Real decreto 1317/2001, do 30 de novembro.

O estado da técnica e o desenvolvemento dos servicios de certificación electrónica demandan a modificación do mencionado requisito, removendo o carácter limitativo que implica. Neste senso, e ese é o obxectivo último desta orde, enténdese necesario posibilitar que a sinatura de escritos, solicitudes, comunicacións e outros documentos que se presenten ante o Ministerio de Economía se poidan tramitar por vía telemática, e a realización doutros trámites administrativos ante a mesma, se baseen en certificados electrónicos expedidos non soamente pola FNMT-RCM senón por calquera outro prestador de servicios de certificación, sempre que se cumpran unhas condicións mínimas imprescindibles para que se poidan mante-las debidas garantías. Esta orde establece estas condicións, ben como a actividade administrativa para facer efectiva a posibilidade mencionada.

Para isto, o interese xeral aconsella que a actuación no ámbito do Ministerio de Economía e dos seus organismos adscritos dos prestadores de certificación que expidan certificados de sinatura electrónica para utilizar en escritos, solicitudes, comunicacións e outros documentos que se presenten se produza a través dos oportunos convenios, de tal forma que a presente orde vén establece-lo réxime destes na consideración de que redundará nunha maior transparencia e seguraza xurí-

dica, contribuíndo ó mellor cumprimento dos fins deste departamento.

Con esta regulación véñese dar cumprimento, á vez, ó principio de libre competencia na actividade de prestación de servicios de certificación. É este principio un dos esteos do noso ordenamento legal neste campo, da mesma maneira que o é do europeo, así o confirman tanto a directiva que establece o marco comunitario para a sinatura electrónica (Directiva 1999/93/CE, do 13 de decembro de 1999), como o disposto no Real decreto lei 14/1999, do 17 de setembro, sobre sinatura electrónica, e no artigo 81 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, así como no Real decreto 1317/2001, do 30 de novembro, que confiren á Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda (FNMT-RCM), a facultade para a prestación de servicios de seguraza para as comunicacións a través de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos das persoas físicas e xurídicas coas administracións públicas en réxime de libre concorrencia con outros operadores do sector.

Esta orde ten a súa base particularmente no artigo 14.2.c) do Real decreto 772/1999, do 7 de maio, polo que se regula a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións ante a Administración xeral do Estado, a expedición de copias de documentos e devolución de orixinais e o réxime das oficinas de rexistro, introducido polo Real decreto 209/2003, do 21 de febreiro, establece que as ordes ministeriais de creación de rexistros telemáticos deben conte-lo sistema ou sistemas de sinatura electrónica recoñecidos polo rexistro para a identificación do usuario e a admisión da solicitude, escrito ou comunicación.

Para isto faise preciso modifica-la Orde do 26 de decembro de 2001, que no Ministerio de Economía creou un rexistro telemático para a presentación e tramitación telemáticas de solicitudes, escritos e comunicacións mediante sinatura electrónica avanzada, anticipándose en máis de dous anos ó prescrito no Real decreto 209/2003, do 21 de febreiro. Posteriormente, mediante resolucións do 11 de abril e do 19 de decembro de 2002, dos presidentes do Comisionado para o Mercado de Tabacos e do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, respectivamente, créanse os respectivos rexistros telemáticos nestes dous organismos autónomos dependentes do Ministerio de Economía, dictándose ademais varias ordes ministeriais e resolucións co obxecto de regula-los criterios xerais de tramitación telemática de numerosos procedementos, tanto internos como externos, xestionados polo departamento e os citados organismos autónomos, incluíndo, se for o caso, o pagamento telemático, a través da pasarela de pagamento da Axencia Tributaria, das taxas asociadas a eles.

Estes rexistros e procedementos telemáticos non poderían ter sido operativos sen a posesión e utilización polos interesados da sinatura electrónica avanzada, como medio tecnolóxico con igual valor xurídico que a sinatura manuscrita que permite garanti-la identidade, integridade e non repudio en orixe dos documentos electrónicos subscritos con ela, para o cal resultou esencial a prestación de servicios de certificación por parte da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda (FNMT-RCM), sen prexuízo de admitirse en tódalas disposicións citadas, conforme o principio de neutralidade tecnolóxica, calquera tipo de sinatura electrónica avanzada baseada en estándares técnicos recoñecidos internacionalmente ou que poidan ser publicados no «Diario Oficial de la Unión Europea».

Sen embargo, a necesaria salvagarda das garantías dos procedementos telemáticos do Ministerio de Economía e os seus organismos autónomos que teñan creado ou creen no futuro rexistros telemáticos, esixe esta-

blece-lo procedemento concreto polo que se poida verifica-lo cumprimento dos requisitos mínimos imprescindibles por parte dos sistemas de sinatura electrónica avanzada para poderen ser admitidos polo Ministerio de Economía nas súas relacións telemáticas cos cidadáns e coas restantes administracións públicas. Estes requisitos e demais condicións de actuación plasmaranse no oportuno convenio suscrito co prestador de servizos de certificación.

Por isto, esta orde ten por obxecto establece-las normas específicas de regulación dos convenios de colaboración que subscriban o Ministerio de Economía e os seus organismos adscritos con prestadores de servizos de certificación que expidan certificados de sinatura electrónica para seren empregados polos usuarios en escritos, solicitudes, comunicacións e outros documentos que se presenten e tramiten por vía telemática, e na realización doutros trámites administrativos.

Como os requisitos mínimos esixidos o réxime de admisión dos sistemas de sinatura electrónica deben ser comúns para tódolos rexistros telemáticos do Ministerio de Economía e dos seus organismos autónomos, establece-se unha regulación uniforme desta materia.

Por outra parte, tamén se aproveita a modificación da orde do 26 de decembro de 2001 para actualizar e axusta-lo seu contido ás recentes modificacións operadas polo Real decreto 209/2003, do 21 de febreiro, polo que se regulan os rexistros e notificacións telemáticas, ben como a utilización de medios telemáticos para a substitución da presentación de certificados por parte dos cidadáns e pola orde PRE/1551/2003, do 10 de xuño, pola que se desenvolve a súa disposición derradeira primeira.

En consecuencia, e en virtude das atribucións que teño conferidas, dispoño:

Primeiro. Utilización de sinatura electrónica nas relacións dos cidadáns co Ministerio de Economía e os seus organismos adscritos.

1. O Ministerio de Economía e os seus organismos adscritos admitirán, nos termos establecidos no ordenamento xurídico, sistemas de sinatura electrónica adecuados para garantir nas súas relacións cos cidadáns por medios electrónicos, informáticos e telemáticos, a autenticidade e, se for o caso, a integridade dos documentos electrónicos.

Así mesmo, estes sistemas poderanse empregar para identifica-los interesados nas actuacións que teñan lugar por eses medios.

2. En particular, admitiranse os sistemas de sinatura dixital ou numérica, baseados en criptografía asimétrica de clave pública, ou calquera outra sinatura electrónica avanzada, cando resulte necesario garanti-la autenticidade e integridade do documento electrónico.

3. A admisión polo Ministerio de Economía e os seus organismos adscritos, nas súas relacións por medios electrónicos, informáticos e telemáticos, de calquera sistema de sinatura electrónica requirirá a súa compatibilidade cos medios técnicos de que aqueles dispoñan.

4. En todo caso, para a admisión de calquera sistema de sinatura electrónica en escritos, solicitudes, comunicacións e outros documentos que se presenten e tramiten por vía telemática, e na realización doutros trámites administrativos, o Ministerio de Economía e os seus organismos adscritos requirirán a celebración dun convenio de colaboración cos prestadores de servizos de certificación que expidan certificados de sinatura electrónica para ser empregados polos usuarios en escritos, solicitudes, comunicacións e outros documentos que se

presenten e tramiten por vía telemática, e na realización doutros trámites administrativos, e nos que se establecerán os aspectos a que se refiren os números seguintes da presente orde contendo os extremos correspondentes ós mesmos.

Segundo. Condicións que deben cumprilos sistemas de sinatura dixital ou numérica para seren admitidos nas relacións dos cidadáns co Ministerio de Economía e os seus organismos adscritos.

1. Ademais do disposto no número anterior, para seren admitidos nas relacións do Ministerio de Economía e os seus organismos adscritos cos cidadáns, os sistemas de sinatura dixital ou numérica deben cumprilas seguintes condicións:

Permiti-la xeración de sinaturas electrónicas avanzadas, tal e como se definen na lexislación sobre sinatura electrónica. Os datos de creación e os de verificación de sinatura non poderán ser de lonxitude inferior á publicada polo Ministerio de Economía no seu enderezo electrónico www.mineco.es.

Empregar certificados electrónicos para vincular os datos de verificación de sinatura ó signatario, confirmando a súa identidade, que conteñan a información descrita no número terceiro desta orde e sexan expedidos por prestadores de servizos de certificación que cumpran os requisitos do punto cuarto.

Xera-las sinaturas electrónicas por un dispositivo seguro de creación de sinatura, tal e como se define na lexislación sobre sinatura electrónica.

2. Así mesmo, admitiranse os sistemas de sinatura dixital ou numérica baseada en certificados expedidos por organismos e entidades públicas, así como as corporacións públicas estatais que, de acordo coa lei, se constitúan en autoridades de certificación. Nestes supostos observarase o disposto na normativa específica que regule os distintos servizos de certificación, así como, se for o caso, o convido para o efecto co Ministerio de Economía e os seus organismos adscritos. Suplementariamente aplicaráselle-lo disposto no número quinto desta orde, nos termos que nel se sinalan.

3. No enderezo electrónico www.mineco.es manterase unha relación pública dos tipos de certificados electrónicos admitidos, ben como dos prestadores de servizos de certificación que os expiden.

Terceiro. Certificados electrónicos admitidos.

1. Os sistemas de sinatura dixital ou numérica deberán empregar certificados que se poidan cualificar como recoñecidos, de conformidade coa lexislación de sinatura electrónica, sempre que inclúan no seu contido as mencións do número 2 seguinte.

2. Os certificados deberán ter, cando menos, o seguinte contido:

- a) Código identificativo único do certificado.
- b) Identificación do prestador de servizos de certificación que expide o certificado.
- c) Sinatura electrónica avanzada do prestador de servizos de certificación que expide o certificado.
- d) Identificación do signatario polo seu nome e apelidos ou razón social e número de identificación fiscal. Cando o signatario sexa unha persoa xurídica deberase consignar no certificado a identificación da persoa física solicitante e responsable do uso do certificado.

As normas técnicas relativas ó formato e a localización con que se deben consignar no certificado os datos de identificación sinalados no parágrafo anterior serán publicadas polo Ministerio de Economía no enderezo electrónico www.mineco.es.

e) Os datos de verificación de sinatura que correspondan ós datos de creación de sinatura que se encontren baixo o control do signatario.

f) O comezo e o fin do período de validez do certificado.

3. De conformidade co número 3 do punto primeiro desta orde, os certificados deberán estar baseados nalgun estándar técnico admitido polo Ministerio de Economía. Admitirase, en todo caso, o formato baseado na versión 3 da recomendación X.509 do ITU-T (International Telecommunications Union-Telecommunication), de xuño de 1997 ou posterior.

Os estándares técnicos admitidos serán publicados no enderezo electrónico www.mineco.es.

Cuarto. *Prestadores de servicios de certificación.*

1. Sen prexuízo do sinalado no número 2 do número segundo, os certificados electrónicos deben ser expedidos por prestadores de servicios de certificación que cumpran as obrigas esixidas pola lexislación de sinatura electrónica.

2. En todo caso, a admisión de certificados electrónicos que expidan para as relacións que, por medios electrónicos, informáticos e telemáticos, teñan lugar entre o Ministerio de Economía e os seus organismos adscritos cos cidadáns requirirá a celebración do oportuno convenio cos prestadores de servicios de certificación por parte do subsecretario de Economía, de acordo co previsto no punto segundo, alínea f) da orde do 25 de xullo de 2001, de delegación de competencias a favor de diversos órganos do departamento, ou, se for o caso, por parte do presidente ou director do organismo, segundo corresponda.

Para garanti-la interoperabilidade, eses convenios serán sometidos ó informe, antes da súa subscripción, da Secretaría Xeral Técnica do departamento, que pedirá, pola súa vez, o oportuno informe técnico da Subdirección Xeral de Tecnoloxías da Información e das Comunicacións.

3. Os prestadores de servicios de certificación serán responsables ante o Ministerio de Economía e os seus organismos adscritos nos termos establecidos pola lexislación sobre sinatura electrónica.

Quinto. *Admisión de certificados electrónicos.*

1. Con carácter previo á subscripción do convenio cos prestadores de servicios de certificación, estes poderán solicita-la admisión de certificados electrónicos que eles expidan para as relacións que, por medios electrónicos, informáticos e telemáticos, teñan lugar entre o Ministerio de Economía e os seus organismos adscritos cos cidadáns.

2. A solicitude deberá conter unha declaración responsable de cumprimento dos requisitos esixidos na presente orde, acompañada da documentación que acredite o seu cumprimento. En particular, o solicitante deberá presentar xunto coa solicitude as normas técnicas nas que se basee o certificado que pretende homologar, ben como os protocolos ou normas e procedementos de seguranza e de control referidos á creación, almacenamento histórico, acceso e publicidade, renovación e revogación de certificados.

Adicionalmente, entre a documentación presentada deberá constar un informe emitido por un terceiro independente con solvencia técnica acreditada no ámbito da análise e da avaliación da actividade de prestación de servicios de certificación, e no que se exprese opinión acerca do cumprimento, por parte da entidade solicitante, das condicións establecidas nesta orde para a admisión dos seus certificados.

O informe de terceiro independente a que se refire o parágrafo anterior non será esixible no caso dos organismos, entidades e corporacións mencionados no número 2 do punto segundo desta orde.

3. Sen prexuízo de que estes prestadores de servicios de certificación deberán esixir en todo caso, para comproba-la identidade e calquera circunstancia persoal dos solicitantes dos certificados, a comparecencia do titular ou, en caso de este ser unha persoa xurídica, do seu representante legal ou persoa con poder especial para o efecto, nos convenios que se subscriban para a admisión dos certificados electrónicos que expidan, estableceranse as condicións para a acreditación da identidade dos interesados de conformidade co establecido na normativa de procedemento administrativo, incluída, se é o caso, a comparecencia dos cidadáns ante unha oficina pública.

4. Unha vez verificado o cumprimento dos requisitos establecidos nesta orde, poderase subscribi-lo correspondente convenio para a admisión do certificado electrónico. No convenio que se subscriba describiranse as condicións en que a admisión se entende concedida. O prestador de servicios de certificación con quen se subscriba o convenio será obxecto de inclusión na lista prevista no número 3 do punto segundo.

5. Para efectua-la mencionada verificación, poderase pedi-la colaboración de axentes debidamente autorizados ou cos que así se conviñese, co obxecto de obter tanta información complementaria entenda necesaria para comproba-la exactitude do declarado polo solicitante, e efectua-las comprobacións adicionais que crea conveniente.

6. A admisión efectiva dos certificados estará suxeita ó establecemento das conexións telemáticas precisas entre o Ministerio de Economía e os seus organismos adscritos e o servicio de publicación de certificados revogados do prestador de servicios de certificación, nos termos que se publican no enderezo electrónico www.mineco.es; a súa utilización polo Ministerio de Economía ou os seus organismos adscritos non poderá supor un custo específico adicional.

7. Poderá solicita-la admisión a que se refire este número calquera prestador de servicios establecido en España ou en calquera outro Estado membro da Unión Europea.

Sexto. *Comprobacións ulteriores.*

O Ministerio de Economía e os seus organismos adscritos poderán verificar en calquera momento, por si ou por medio de axentes autorizados, que a expedición dos certificados ou calquera outro aspecto dos sistemas de sinatura electrónica admitidos se están a realizar conforme as condicións establecidas na presente orde.

Sétimo. *Modificación nas condicións de prestación do servicio.*

1. Os prestadores dos servicios de certificación estarán obrigados a comunicar ó Ministerio de Economía e ós seus organismos adscritos as modificacións que teñan lugar nas condicións de prestación do servicio. A comunicación efectuarase cunha anticipación de, cando menos, un mes respecto da data prevista para o comezo da aplicación das modificacións.

2. Para que as modificacións produzan efectos nas relacións a que se refire esta orde deberán ser admitidas polo Ministerio de Economía e organismos adscritos, a través da subscripción da oportuna addenda ó convenio suscrito. Unha vez suscrita a addenda de admisión das modificacións, o Ministerio de Economía dará publicidade destas na súa páxina da internet, www.mineco.es.

Oitavo. *Cesamento da actividade.*

1. Os prestadores dos servizos de certificación virán obrigados a comunicar ó Ministerio de Economía e organismos adscritos, cun mes de anticipación, o cesamento das súas actividades. O Ministerio de Economía e organismos adscritos darán publicidade do cesamento na súa páxina da internet. A partir da data desta publicación, deixará de ser efectivo o convenio que se tiver suscrito e non serán admitidos, para os efectos desta orde, os certificados que tiveren sido emitidos ata ese momento pola entidade prestadora do servizo.

Non obstante, continuarán sendo admitidos os certificados da entidade que tivese cesado cando, de acordo co establecido no artigo 13 do Real decreto-lei 14/1999, do 14 de setembro, sobre sinatura electrónica, os certificados expedidos fosen asumidos por outro prestador de servizos os certificados do cal fosen admitidos polo Ministerio de Economía e organismos adscritos para os efectos desta orde por ter suscrito o correspondente convenio.

2. Cando un prestador de servizos cesase na súa actividade sen comunicalo ó Ministerio de Economía e organismos adscritos, e tan axiña como estes teñan coñecemento fidedigno de tal cesamento, procederán a rescindir unilateralmente o convenio relativo á admisión dos certificados da entidade, e deixarán de ser admitidos, para os efectos desta orde, os certificados que tiveren sido emitidos ata ese momento pola entidade prestadora do servizo. Desta circunstancia darase publicidade na súa páxina da internet, cos mesmos efectos sobre os certificados que se sinalan no número 1 anterior.

Noveno. *Suspensión e revogación.*

1. Cando o Ministerio de Economía e organismos adscritos advirtan que un determinado sistema de sinatura electrónica admitido para os efectos desta orde pode ter deixado de cumprir os requisitos técnicos ou xurídicos esixidos nela, poderán acordar a suspensión temporal, por un período máximo de seis meses, da validez dos certificados correspondentes para as relacións que, por medios electrónicos, informáticos e telemáticos, teñan lugar entre o Ministerio de Economía e os seus organismos adscritos cos cidadáns. Esta suspensión deberá ser notificada ó prestador de servizos. Así mesmo, darase publicidade da suspensión na súa páxina da internet.

2. De considerarse que as circunstancias concorrentes non son susceptibles de emenda, ou unha vez transcorrido o período de seis meses de suspensión sinalado no número 1 anterior, logo do trámite de audiencia do prestador, deixarase sen efecto o convenio suscrito para a admisión dos certificados, á vez que se dará publicidade desa circunstancia na páxina da internet do departamento: www.mineco.es.

Décimo. *Modificación da orde do 26 de decembro de 2001.*

1. O punto cuarto da orde do 26 de decembro de 2001, fica redactado como segue:

«Cuarto. *Condicións xerais para a presentación de escritos, solicitudes e comunicacións.*

1. O Ministerio de Economía e os seus organismos autónomos admitirán, nas súas relacións telemáticas cos cidadáns e coas administracións públicas, os sistemas de sinatura electrónica que, nos termos establecidos no ordenamento xurídico, resulten adecuados para garanti-la identidade, a auten-

tidade e a integridade dos documentos electrónicos e sexan compatibles cos medios técnicos de que dispón ese departamento, para o cal se admitirán todos aqueles que cumpran os requisitos de autenticidade esixidos ós dispositivos e aplicacións de rexistro e notificación telemáticos, que se establecen no número terceiro da Orde PRE/1551/2003, do 10 de xuño.

2. A sinatura electrónica estará baseada en certificados electrónicos expedidos por prestadores de servizos de certificación conforme o previsto na orde pola que se establecen normas sobre o uso da sinatura electrónica nas relacións por medios electrónicos, informáticos e telemáticos co Ministerio de Economía e organismos adscritos, e para o cal a admisión de certificados electrónicos requirirá dun convenio cos prestadores de servizos de certificación.

3. Cando os procedementos telemáticos inclúan o pagamento electrónico de tributos, canons ou prezos públicos a través da pasarela de pagamento da Axencia Estatal de Administración Tributaria, soamente se admitirán certificados emitidos por prestadores de servizo de certificación recoñecidos pola AEAT, conforme o previsto na Orde HAC/1181/2003, do 12 de maio, pola que se establecen normas específicas sobre o uso da sinatura electrónica nas relacións tributarias por medios electrónicos, informáticos e telemáticos coa Axencia Estatal de Administración Tributaria. Para estes efectos, a lista dos tipos de certificados electrónicos admitidos e dos prestadores de servizos de certificación que os expiden, vixente en cada momento, que mantén a dita Axencia na súa páxina web, aparecerá tamén no enderezo www.mineco.es cando se acceda a procedementos telemáticos con pagamento electrónico.»

2. O punto quinto da orde do 26 de decembro de 2001 fica redactado da seguinte forma:

«Quinto. *Trámites e requisitos técnicos de utilización das técnicas telemáticas.*

1. Os trámites e criterios específicos de utilización das técnicas telemáticas correspondentes a cada un dos procedementos administrativos incluíranse no anexo III desta orde.

2. O acceso dos cidadáns a través da internet ós rexistros telemáticos e notificacións telemáticas do Ministerio de Economía e os seus organismos públicos realizarase a través dun navegador web que cumpra a especificación W3C HTML.4.01 ou superior, mediante un protocolo de comunicación http.1.0 ou superior, debendo poder utilizalos servizos de rexistro e notificación telemática na súa canle de comunicación cos interesados cifrado simétrico de, cando menos, 128 bits.

Para estes efectos, os interesados poderán utilizarlo sistema operativo Windows 98 ou superior e o navegador Internet Explorer versión 5.5 ou superior ou o navegador Netscape versión 6.0 ou superior ou calquera outro que se considere como un estándar na Administración xeral do Estado dos que se dará, se for o caso, publicidade no enderezo www.mineco.es.

3. De acordo co disposto no artigo 59.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o interesado poderá consentir ou sinalar como medio de notificación preferente a notificación telemática a través do prestador do servizo de enderezo electrónico único para as notificacións que se deban practicar duran-

te a tramitación do procedemento, cos efectos establecidos nese precepto e no Real decreto 209/2003 e demais normativa aplicable. No enderezo www.mineco.es manterase actualizada unha lista de provedores que ofrezan servizos de enderezo electrónico único coas especificacións que previamente se establezan.

4. Unha vez iniciada a tramitación do procedemento telemático, o interesado, unicamente cando concorran causas técnicas xustificadas, poderá requirir ó órgano correspondente que as notificacións sucesivas non se practiquen por medios telemáticos e, neste caso, deberá comunicar ó órgano competente o enderezo onde se deban remitir as notificacións.»

3. Engádesse unha disposición adicional á orde do 26 de decembro de 2001, co seguinte teor:

«Disposición adicional. *Responsabilidade.*

O Ministerio de Economía non responderá do uso fraudulento que os usuarios do sistema poidan levar a cabo dos servizos prestados a través do sistema de Administración electrónica. Para estes efectos, os usuarios asumen con carácter exclusivo a responsabilidade da custodia dos elementos necesarios para a súa autenticación no acceso ó sistema de Administración electrónica, o establecemento de conexión preciso e a utilización da sinatura electrónica, así como das consecuencias que puidesen derivar do uso indebido, incorrecto ou negligente daqueles.

4. Engádesse unha disposición transitoria á orde do 26 de decembro de 2001, o contido da cal é o seguinte:

«Disposición transitoria. *Funcionamento do servizo de enderezo electrónico único.*

Cando se habilite o enderezo electrónico único previsto no Real decreto 209/2003, do 21 de febreiro, polo que se regulan os rexistros e as notificacións telemáticas, ben como a utilización de medios telemáticos para a substitución da presentación de certificados polos cidadáns, o disposto no número 3 do número quinto desta orde entenderase substituído polo que estableza a normativa de desenvolvemento do citado Real decreto 209/2003 no relativo ó enderezo electrónico único.»

Disposición adicional. *Certificados expedidos pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda.*

A prestación de servizos de certificación da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, no que se refire á emisión de certificados con validez ante o Ministerio de Economía e os seus organismos adscritos, rexeráse polos convenios vixentes coa dita entidade.

Os certificados de clase 2 CA emitidos pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda con anterioridade á publicación da presente orde no «Boletín Oficial del Estado» continuarán sendo plenamente válidos e eficaces ante o Ministerio de Economía e os seus organismos adscritos.

As mencións contidas nas distintas ordes ministeriais ós certificados expedidos pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda deberán entenderse extensivas a calquera certificado electrónico admitido nas relacións do Ministerio de Economía e os seus organismos adscritos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 15 de setembro de 2003.

DE RATO Y FIGAREDO

XEFATURA DO ESTADO

17744 REAL DECRETO LEI 5/2003, do 19 de setembro, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos producidos polas inundacións e a tormenta de sarabia acaecidas o día 16 de agosto de 2003 na localidade de Alcañiz (Teruel). («BOE» 226, do 20-9-2003.)

Tras confluíren unha serie de fenómenos atmosféricos, o pasado día 16 de agosto produciuse sobre a localidade de Alcañiz, na provincia de Teruel, unha tormenta de sarabia de grandes dimensións acompañada de chuvias intensas que, no espazo de tres horas, deixaron caer 118 litros/m², causando danos de consideración en teitos de vivendas, especialmente da zona antiga da cidade, e en edificios públicos de diversa titularidade e inundacións en zonas baixas da cidade, zonas de horta e polígono industrial. Así mesmo, as fortes chuvias e a sarabia afectaron infraestruturas municipais, camiños e redes secundarias de rega que precisan, en gran número de casos, dunha restitución completa.

A magnitude deste feito e as súas graves consecuencias obrigan, desde o principio constitucional de solidariedade e por aplicación dos principios de equidade e igualdade de trato en relación con situacións precedentes, á actuación inmediata dos poderes públicos e á adopción dun conxunto de medidas paliativas e reparadoras tendentes ó restablecemento gradual da normalidade coa reparación dos danos producidos.

O obxectivo, polo tanto, desta norma é aprobar un catálogo de medidas que afectan varios departamentos ministeriais e abranguen aspectos moi diferentes, pois mentres que unhas se dirixen á concesión de axudas económicas ós afectados, fundamentalmente para a reparación de vivendas, á que se lle deu prioridade debido á súa magnitude, outras, como a diminución de cargas tributarias ou a concesión de créditos privilexiados, intentan paliar o impacto do sinistro sobre as empresas e particulares afectados.

Tamén se establecen precisións para lograr que a aplicación e o financiamento de determinadas medidas se leve a cabo mediante a debida coordinación de actuacións e cooperación entre os órganos da Administración xeral do Estado, da comunidade autónoma e da Administración local.

Por outra parte, as perdas de produción ocasionadas polas inundacións nos cultivos configuran, pola magnitude dos danos ocasionados, unha situación equiparable á de desastre natural, nos termos establecidos polas directrices comunitarias sobre axudas estatais ó sector agrario.

Por iso, establécense nesta disposición indemnizacións de danos nas producións agrarias afectadas, exclusivamente cando estean aseguradas con pólizas en vigor do seguro agrario combinado e estes riscos non teñan cobertura na regulación vixente do dito seguro.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro de Economía, do